

ORDE do 25 de outubro de 1996 pola que se fixa determinada contía en relación coa suspensión automática dos actos de contido económico.

Entre as garantías para constituír polo reclamante para obter a suspensión automática dos actos de contido económico, de conformidade co establecido no apartado 6 do artigo 75 do Real Decreto 391/1996, do 1 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas, atópase a fianza persoal e solidaria prestada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia, pero só para os débitos que non excedan da contía que a este efecto fíxese por orde.

Pois ben, faise preciso acoutar o límite ata o que sería admisible neste tipo de garantía. En consecuencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Fíxase en 100.000 ptas. a contía máxima dos débitos mencionados no artigo 75, apartado 6, letra c), do Regulamento de procedemento nas reclamacións económico-administrativas aprobado por Real Decreto 391/1996, do 1 de marzo.

DISPOSICION FINAL

Esta Orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Diario Oficial de Galicia».

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 1996.

José Antonio Orza Fernández

Conselleiro de Economía e Facenda